

Acta da Sesión Ordinaria do Consello do Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade do día 7 de setembro de 2022

LISTA DE ASISTENTES

Javier Abuín, Ana Amorós, Xose Bahamonde, Vicente Badenes Pla, Juan Manuel Corbacho, Alberto Dafonte, Julia Pedreira, Carmen López de Aguilera Clemente, Mabel Míguez, Julinda Molares, Emma Torres, Fortunato Rodríguez, Montse Vázquez Gestal, Beatriz Legerén, José Rúas, Alberto Pena.

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Carmen Máiz, Jose Manuel López, Octavio Rodríguez, Miguel Anxo Fernández, Ana Belén Fernández Souto, Silvia García Mirón, Román Pereiro, Iván Puentes, Mónica Valderrama, Ana Iglesias.

Acta da Sesión Ordinaria do Consello de Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade que tivo lugar o mércores 7 de setembro de 2022, na Sala de Xuntas da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, ás 13:00 horas en primeira convocatoria e ás 13.30 horas en segunda coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria de 13 de xullo de 2022.

Apróbanse por asentimento

2.- Informe do director.

- O director informa de que polo momento so unha alumna mostrou interese en presentarse á beca de departamento. Polo que solicita que se facilite a información os alumnos de 4º curso e mestrados sobre a opción de presentarse á beca.
- O director solicita aos presidentes e secretarios das prazas que informen da data de celebración das mesmas por si fose necesario dar cobertura loxística os invitados que formarán parte do tribunal.

- O Director felicita á profesora Carmen López de Aguilera polo seu nomeamento como nova coordinadora do Grao de Publicidade e Relacións Públicas.
- Así mesmo, felicita á profesora Ana Belén Fernández Souto polo seu nomeamento como directora do Campus Crea.
- Tamén pide desculpas pola ausencia de profesores nalgúns materias, xa que están pendentes de resolverse as convocatorias de prazas asociadas as mesmas.

3.- Aprobación, se procede, da proposta de modificación de POD para o curso 2022-23.

Dende a aprobación do POD 13 de xullo, presentáronse varias incidencias que obrigan a facer cambios no mesmo.

A profesora Ana Belén Fernández Souto é designada como Directora de Área na Vicerreitoría do Campus de Pontevedra, cargo que conta con 60 horas de desconto que se aplican na materia de primeiro cuadrimestre "Planificación Estratéxica das Relacións Públicas".

Dita docencia asumea o profesor Iván Puentes.

Cod,	Contido	Caracter	Convocatoria	Horas		
				HA	HB	HC
P04-G190503	Planificación estratéxica das relacións públicas	OB	1SG			
	Fernández Souto, Ana Belén					40
	Puentes Rivera, Iván			50	60	
PDA:				50	60	40
Horas cubertas:				50	60	40
Diferencia:				0	0	0

O profesor Iván Puentes deixa 60 horas da materia do segundo cuadrimestre que pasan a lista de agarda.

P04-G190604	Técnicas de relacións públicas	OB	2SG	0	60	0
-------------	--------------------------------	----	-----	---	----	---

A profesora Carmen López de Aguilera Clemente, asume a coordinación do Grao de Publicidade e Relacións Públicas, cargo que conta con 60 horas de desconto, que se aplican na súa carga docente na materia do segundo cuadrimestre, "Elaboración da Mensaxe Publicitaria", esas horas pasan a lista de agarda.

Cod,	Contido	Caracter	Convocatoria	Horas		
				HA	HB	HC
P04-G190401	Elaboración da mensaxe publicitaria	OB	2SG			
	López De Aguieta Clemente, Carmen			50		40
	Lista de Agarda 5 (PPUBLI)				60	
PDA:				50	60	40
Horas cubertas:				50	60	40
Diferencia:				0	0	0

O Profesor Fortunato Rodríguez solicita impartir completa a materia " P04-G071806 Deseño Dixital: Expresión Gráfica e motion Graphics" o que implica que debe modificarse o contido da praza de Lista de agarda 1 de CAV pasando de un P5 (150 horas anual) a P4 (120 horas anual)

O director informa que dende a nova Dirección de Grao, tendo en conta a situación na que se atopa neste momento na docencia da Facultade, deixan facer invitacións para cubrir a docencia das materias que estean suxeitas as resolucións das prazas, en ambos casos as horas de invitación estarán suxeitas aos fallos das prazas, non superando en cada caso máis de 50 horas:

1. Redacción e locución publicitaria.
2. Publicidade, Artes Gráficas e Tipografía.

Tamén se cursará unha invitación para cubrir a docencia na materia de Creatividade, xa que a docente actual, a profesora Montserrat Vázquez Gestal, debe someterse a unha intervención programada que suporá unha baixa de alomenos un mes. Neste caso, a duración da invitación dependerá do tempo de recuperación da docente, e en todo caso non poderá superar as 75 horas.

4.- Aprobación, se procede, e validación dos horarios de titorías correspondentes ao curso 2022-2023.

O director informa que é importante que todos os docentes suban á aplicación os horarios de titorías para poder ir validándoos.

5.- Aprobación, se procede, de asuntos de profesorado.

Non hai asuntos de profesorado.

6.- Rolda de intervencións.


Non hai.

Sen nada mais que tratar. Péchase a sesión ás 14:08

Pontevedra 7 de setembro do 2022

O director do deptº




Secretaria do dptº